

ACTA NÚM. 4 – RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS AO RESULTADO FINAL DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO-A MEDIO EN INSTALACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS (Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).

Proceso selectivo: 1 técnico-a medio en instalación, mantemento e reparación de equipos informáticos _ Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Na Casa do Concello de Rianxo, ás 13:50 h do día 10/12/2025, réunese o Tribunal Cualificador que avaliará o proceso para a contratación de 1 Técnico-a medio en instalación, mantemento e reparación de equipos informáticos_SNGX do Concello de Rianxo, segundo as bases e aprobación do Tribunal aprobados pola Resolución da Alcaldía núm. 1.353/2025 do 18/11/2025 coa seguinte composición:

Presidenta: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I):

Vocal: Carlos Ces Ozores, enxeñeiro en informática (I)

Vocal: Enrique Manuel López González, Técnico de medio ambiente (II)

Secretaria suplente: Vanessa Reboredo Fraga, Técnico Administración Xeral (A1)

A presidenta inicia a sesión ás 13:50 horas.

O motivo desta sesión é resolver as alegacións presentadas ao resultado final para a contratación de 1 Técnico-a medio en instalación, mantemento e reparación de equipos informáticos_SNGX do Concello de Rianxo,

Antecedentes

O 2/12/2025 os membros do tribunal reúnen-se para facer as valoracións tanto das probas prácticas como do concurso (Acta número 3), en función da documentación presentada polas persoas aspirantes, así como a valoración global do proceso.

O resultado global do proceso, por orde descendente, é o seguinte:

Orde	APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL
1º	Fernández Romero, Daniel	29,00	0,75	29,75
2º	Rodríguez Carou, Brais	29,47	0,25	29,72
3º	Alcalde Collazo, Mauro	26,53	0,75	27,28
4º	Muñiz Treus, Rubén	26,13	0,50	26,63

5º	Romero García, Adrián	21,60	0,00	21,60
----	-----------------------	-------	------	-------

En data 5/12/2025, con número de rexistro de entrada 202500000005022, Brais Rodríguez Carou, presenta escrito mediante o que solicita “revisión da documentación no proceso selectivo, pois non se puntuou: prevención de riscos laborais, e garantía xuvenil”,

Fundamentación

Primeiro.- Revisada a documentación presentada polo aspirante Brais Rodríguez Carou, consta, entre outra, a seguinte:

- Certificado de prevención de riscos laborais emitido por Grupo de Formación Magna.
- Notificación da resolución de Inscripción no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil

Segundo.- Visto o establecido no artigo 3º das Bases que rexen o proceso aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 1.353/2025 do 18/11/2025, referido aos requisitos mínimos esixidos, onde se establece que:

1. As persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir, en todo caso, os requisitos seguintes no momento da selección e da formalización do contrato de traballo:

– Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

– Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

– Estar inscritas como inscritas e beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

De conformidade co anterior, a inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil é un requisito mínimo para poder participar no proceso de selección, non é polo tanto un mérito obxecto de valoración.

Terceiro.- Visto o establecido no Anexo I das Bases que rexen o proceso aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 1.353/2025 do 18/11/2025, referido ao concurso de valoración de méritos específicos, onde se establece que:

5.2.2 Méritos específicos do posto. Puntuación máxima: 3,50 puntos.

- 1. Cursos relacionado coas funcións a desenvolver . Puntuación: 1 puntos*
- 2. Curso de prevención de riscos laborais (de 30 horas ou mais): 1 punto*
- 3. Curso de igualdade (10 horas ou mais): 0,50 puntos*
- 4. Coñecemento do galego: (só se valorará o de maior puntuación)*

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos

2. Celga 4, equivalente ou superior: 0,50 puntos

En relación á valoración dos méritos, o tribunal, no momento da realización das valoracións do concurso, acordou valorar unicamente aquela formación impartida pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologada e/ou impartida por Colexios Profesionais, sendo este o criterio fundamental e xeral na valoración da formación para o acceso á función pública.

Este criterio foille de aplicación tanto ao aspirante Brais Rodríguez Carou, como a outros tres aspirantes no proceso selectivo que estaban na mesma situación, e cuxos cursos non se valoraron.

Cuarto.- Visto o establecido no artigo 8º das Bases que rexen o proceso aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 1.353/2025 do 18/11/2025, onde se establece que o Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases,

Á vista de todo o exposto, **ACORDA:**

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por Brais Rodríguez Carou no referente ao certificado de garantía xuvenil, pois estar inscrito no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil era un requisito mínimo, de conformidade co establecido no artigo 3º das Bases que rexen o proceso aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 1.353/2025 do 18/11/2025, polo tanto non é obxecto de valoración na fase concurso.

Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas por Brais Rodríguez Carou no referente ao curso de prevención de riscos laborais ao non estar impartido por unha Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologada e/ou impartida por Colexios Profesionais.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:30 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do tribunal.